

## Normas Técnicas

### NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA RELACIONADAS COA ELABORACIÓN DE ALIMENTOS PARA ANIMAIS.



COPIA CONTROLADA:  Non  Si: nº \_\_\_\_ Assignada a: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

## ***NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA RELACIONADAS COA ELABORACIÓN DE ALIMENTOS PARA ANIMAIS***

### MODIFICACIÓNS RESPECTO Á EDICIÓ N ANTERIOR:

- Actualízase o apartado 3 - Referencias.

Elaborado pola Dirección Técnica:

Revisado E aprobado polo Presidente:

# NORMAS TÉCNICAS

## NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA RELACIONADAS COA ELABORACIÓN DE ALIMENTOS PARA ANIMAIS.



### ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENCIAS
- 4.- REALIZACIÓN
  - 4.1.- Normas Técnicas relacionadas coa elaboración de alimentos para animais.
    - 4.1.01 Requisitos xerais para as unidades da elaboración.
    - 4.1.02 Normas adicionais de formulación de alimentos para animais.
    - 4.1.03 Procedementos de limpeza e hixiene.
    - 4.1.04 Controis de pragas e conservación dos produtos.

## 1.- OBXECTO.

O Consello das Comunidades Europeas aprobou, o 28 de Xuño de 2007, o Regulamento N° 834/2007 sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos polo que se derroga o Regulamento (CEE) n° 2092/91. O regulamento (CEE) n° 2092/91 queda derrogado a partir do 1 de Xaneiro de 2009, e será aplicábel a partir do 1 de Xaneiro de 2009 o Regulamento (CE) N° 834/2007.

As disposicións do Regulamento 834/2007 son as normas básicas para agricultura ecolóxica consensuadas a nivel comunitario. No Considerando (40) do Regulamento 834/2007 di textualmente: “Na espera da adopción de normas comunitarias detalladas de produción para determinadas especies animais e plantas acuáticas e microalgas, convén que os Estados membros poidan dispoñer da aplicación de normas nacionais ou, a falta destas, normas privadas aceptadas ou recoñecidas polos Estados membros.”

A normativa europea complétase co Regulamento 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2008 do Consello, sobre produción e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos, con respecto á produción ecolóxica, á súa etiquetaxe e ao seu control. Porén, non se regulan todas as técnicas nin todos os produtos susceptibles de seren obtidos ou utilizados segundo o sistema de produción agroalimentario ecolóxico.

Por iso, mentres non se establezan as disposicións de aplicacións relativas á produción, elaboración, comercialización, etiquetaxe ou ao control a nivel comunitario aplicaranse a presente Norma Técnica e as normas que se consensuaren a nivel estatal.

Os obxectivos destas Normas Técnicas da produción agraria ecolóxica son:

- Concretar certos aspectos normativos contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007 e o Regulamento (CE) 889/2008 mais que non quedan claros dabondo e dan pé a interpretacións diferentes.
- Establecen a normativa técnica aplicábel polos operadores a certas producións e en relación a certos aspectos técnicos non contemplados polo Regulamento (CE) 834/2007.
- Axustar a normativa que define o sistema de produción agroalimentaria ecolóxica ás características e especificidades propias da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2.- ALCANCE.

O C.R.A.E.G.A. recolle na súa acta do pleno do 28 de Maio de 2008 a aprobación da inclusión na Organización Intereco.

A actual Norma Técnica será de obrigado cumprimento previa aprobación pola Consellaría competente en materia de agricultura e aprobación do Pleno do C.R.A.E.G.A. para toda persoa física ou xurídica (dende agora, operador) que interveña na produción, elaboración, importación de países terceiros, almacenaxe ou comercializado dos produtos que deseguido se indican, sempre que estes produtos leven ou foren levar indicacións referentes ao método ecolóxico de produción, e até o momento en que estes produtos estiveren dispostos para a súa venda final nun envase que non permita a súa manipulación.

- a) Produtos agrícolas vexetais non transformados.
- b) Animais e produtos animais non transformados.
- c) Produtos vexetais de recolección silvestre.
- d) Produtos vexetais e animais transformados destinados á alimentación humana.
- e) Alimentos para animais, pensos compostos e materias primas para alimentación animal.
- f) Material de reprodución vexetativa e sementes para cultivo.

### 3.- REFERENCIAS.

- Procedemento Operativo de Calidade 04 “Procedemento de certificación e control”.
- Norma UNE – EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para os organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.
- Caderno Común de Normas Técnicas da Producción Agraria Ecolóxica (Ministerio de Medio Ambiente Rural e Mariño, Intereco).

# **4.- REALIZACIÓN.**

## **4.1. NORMAS TÉCNICAS RELACIONADAS COA ELABORACIÓN DE ALIMENTOS PARA ANIMAIS.**

### **4.01.01 Requisitos Xerais para as unidades de elaboración.**

4.01.01.01 As unidades de elaboración dos alimentos para animais deben cumprir a normativa xeral vixente.

4.01.01.02 A auga utilizada debe de ser potábel e cumprir os requisitos legais.

4.01.01.03 Os almacéns, silos e envases utilizados teñen que cumprir os seguintes requisitos:

- a) Permitir a eficaz separación das materias primas e dos produtos elaborados con diferentes cualificacións (ecolóxico, en conversión ou convencional) para previr posíbeis misturas accidentais.
- b) Estaren clara e permanentemente identificados os produtos almacenados co nome e a cualificación para previr así posíbeis erros e mesturas accidentais.
- c) Estaren construídos con materiais apropiados para uso alimentario cando estiveren en contacto coas materias primas e os produtos elaborados.
- d) Estaren protexidos do acceso e a contaminación por aves, roedores, insectos e outras pragas.
- e) Estaren suxeitos a programas regulares de limpeza para asegurar un correcto estado de limpeza xeral e a ausencia de residuos que puideren dar lugar á descualificación das materias primas e dos produtos elaborados de produción ecolóxica.
- f) Seren inspeccionados regularmente polos responsábeis da planta para comprobar o estado de limpeza e o bo mantemento das medidas de separación e identificación, e rexistrar documentalmente ditas operacións de comprobación baseándose nos principios do sistema de APPCC.

4.01.01.04 A unidade de elaboración pode usar a mesma liña de traballo para a elaboración de alimentos de animais con cualificación “agricultura ecolóxica” e con cualificación “en conversión á agricultura ecolóxica”.

Neste caso, é necesario establecer un sistema de limpeza da liña de traballo, que pode ser mecánica, manual ou por arrastre. Na limpeza por arrastre, a cantidade de materia prima e de produto elaborado cualificado como de “agricultura ecolóxica” que se utilizar, deberá descualificarse e comercializarse como produto “en conversión á agricultura ecolóxica”. Na memoria técnica deben figurar o procedemento e as cantidades de produto utilizado na limpeza por arrastre; gardarase rexistro da súa execución.

#### **Unidades que tamén elaboran alimentos convencionais para animais.**

4.01.01.05 As unidades de elaboración deberán dispor de tolvas, instalacións de descarga, silos, e liñas de produción e envasado de uso exclusivo para a elaboración de pensos de produción ecolóxica, con obxecto de evitarmos posibles contaminacións cruzadas con produtos convencionais, en especial con produtos O.X.M. ou derivados de O.X.M.

4.01.01.06 Cando iso for materialmente imposible, e previa autorización da autoridade de control, permitirase a fabricación de alimentos ecolóxicos para animais en unidades que non dispoñan dunha liña exclusiva de produción, se cumpren as seguintes condicións:

a. Redacción dunha memoria técnica descritiva antes da elaboración de cada novo produto e que inclúa:

- Denominación do produto e formulación completa.
- Produto fabricado previamente na mesma liña e a súa formulación completa.
- Medidas cautelares aplicadas para reducir os riscos de contaminación cruzada.
- Descrición das medidas de limpeza realizadas antes da fabricación.
- Medidas de verificación da eficacia da limpeza.

b. Cando as superficies de contacto foren dificilmente accesíbeis para a súa limpeza manual ou mecánica, o operador deberá realizala por arrastre ou por outro método, e deberá demostrar á Autoridade de Control a eficacia dos resultados obtidos.

A limpeza por arrastre poderase realizar cunha primeira carga de produto ecolóxico para purgar o sistema de restos de produtos convencionais. Esta carga de limpeza desbotarase e non se poderá empregar, en ningún caso, para a fabricación de alimentos ecolóxicos para animais. A cantidade da carga usada deberá especificarse na memoria técnica, e rexistrarse nos partes de fabricación.

c. Garantirase a trazabilidade total, directa, e inversa dos produtos ecolóxicos elaborados.

4.01.01.07 O operador terá que lle comunicar á Autoridade de Control as datas das operacións de elaboración de alimentos ecolóxicos para animais:

a) Se as operacións de elaboración de pensos ecolóxicos non se efectuaren en datas e horas fixas, o operador deberallo comunicar á Autoridade de Control, cun mínimo de 5 días de antelación, cada vez que dispoña elaborar produtos ecolóxicos, e indicar a data e a hora das operacións.

# NORMAS TÉCNICAS

## NORMAS TÉCNICAS DA PRODUCCIÓN AGRARIA ECOLÓXICA RELACIONADAS COA ELABORACIÓN DE ALIMENTOS PARA ANIMAIS.



b) Cando o operador, debido as características do proceso de elaboración, non puiden cumprir, deberá acordar coa Autoridade de Control o sistema de notificación antes das operacións de elaboración.

4.01.01.08 Estabeleceranse e manteranse actualizados os partes de fabricación que inclúan os seguintes datos:

- Denominación de produto.
- Data e hora de fabricación.
- Formulación completa.
- Se for o caso, produto convencional elaborado na mesma liña previamente.
- No seu caso, cantidade de produto ecolóxico utilizado para a limpeza por arrastre.
- Cantidade total elaborada.
- Nome do operario responsábel da supervisión da operación.
- Incidencias.

### **4.01.02 Normas adicionais para a formulación de alimentos para animais.**

4.01.02.01 Se na formulación de produtos destinados á alimentación do gando ecolóxico se empregaren tortas e fariñas de sementes e froitos que non proveñen de unidades ecolóxicas, antes da súa utilización, o operador deberá dispor dun certificado escrito do provedor garantindo que non foron tratadas con solventes químicos durante o proceso de transformación ou extracción.

4.01.02.02 Se na formulación de produtos destinados á alimentación do gando ecolóxico se utilizaren materias primas que non proveñan de unidades ecolóxicas, antes da súa utilización, o operador deberá dispoñer dun certificado escrito do provedor garantindo que non son O.X.M. nin están producidos a partir de O.X.M. nin mediante O.X.M.

### **4.11.03 Procedementos de limpeza e hixiene.**

4.01.03.01 É preciso establecermos e mantermos un programa efectivo de limpeza e hixiene que evite a acumulación de residuos e microorganismos indesexábeis nos locais, instalacións, equipos, contedores e vehículos.

4.01.03.02 Para a limpeza dos locais, instalacións, equipos, contedores e vehículos poderemos utilizar as técnicas e os produtos seguintes:

- a) Limpeza por aspiración.
- b) Limpeza por vapor de auga.
- c) Limpeza con auga a presión.
- d) Produtos autorizados pola normativa xeral vixente, sempre coa toma das medidas necesarias (como aclarados intensos) para asegurármonos de non quedaren residuos contaminantes dos produtos.



### **4.01.04 Controis de pragas e conservación dos produtos.**

4.01.04.01 Téñense que establecer e manter medidas que aseguren que os locais, os almacéns e as instalacións están protexidos de maneira efectiva contra a entrada de aves, insectos e roedores.

4.01.04.02 Poderemos utilizar os seguintes sistemas de protección:

1) Trampas mecánicas e eléctricas, trampas con feromonas, mallas, sons e luces para protexermos os locais e os produtos almacenados das aves, roedores e insectos.

2) En unidades de produción ecolóxica de alimentos para animais, a desinsectación de locais, almacéns e silos realízase, unicamente, cos produtos do anexo II do Regulamento (CE) 889/08 autorizados no rexistro oficial de produtos e material fitosanitario para o referido uso.

3) No caso de unidades de producións mixtas de alimentos para animais, nos locais, instalacións, almacéns e silos destinados a produtos convencionais, só se poderán utilizar os produtos distintos dos que figuran no anexo II do Regulamento (CE) 889/2008 para desinsectación cando se cumpriren os seguintes requisitos:

- a) Que os locais, instalacións, almacéns e silos non se estean a utilizar para os produtos ecolóxicos.
- b) Que se tomen todas as medidas necesarias para nos asegurarmos de que os produtos utilizados e os seus residuos non contaminen os produtos ecolóxicos.

4) Para o control de roedores: cebos raticidas e rodenticidas permitidos pola lexislación vixente, aplicados unicamente no interior de trampas fixas situadas en lugares localizados e identificados sobre plano, nos que non houber risco de contaminación dos produtos elaborados.

5) Controis de pragas e conservación de cereais, leguminosas e outros grans mediante os produtos e os métodos que se indican deseguido:

- a) Limpeza previa dos grans.
- b) Secado dos grans para reducir a humidade.
- c) Procedementos mecánicos: remoción (removido), trasfega.
- d) Procedementos térmicos: calor (temperatura non superior aos 50°C), refrixeración, conxelación.
- e) Modificación da atmosfera: dióxido de carbono, nitróxeno, baleiro.

4.01.04.03 Poderanse controlar as pragas dos grans almacenados mediante o seu tratamento coa terra de diatomeas, unicamente con autorización previa da Autoridade de Controis, e en instalacións que dispoñan de aventadoras ou máquinas limpadoras e separadoras eficaces para a eliminación da terra de diatomeas antes da comercialización e transformación dos grans.